



Concello de **OURENSE**

Expte. Cividas: 2018021565

DECRETO DA CONCELLERÍA DE FACENDA. Ourense, na data da sinatura electrónica

Visto o informe-proposta elaborado pola titular, en funcións (Decreto nº 2018004476) do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria, de data 03/07/2018, fiscalizado pola Intervención Municipal, en relación coa asignación que debe abonarse aos distintos grupos políticos que conforman a corporación municipal correspondente ao 3º trimestre do ano en curso, no exercicio das atribucións que me confiren as competencias delegadas segundo Decreto da Alcaldía núm. 2017002214 de 30 de marzo, así como o acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de marzo de 2017, de delegación de competencias nos seus membros, por medio do presente

ACORDO:

- 1. Recoñecer a favor dos grupos municipais que se especifican, con cargo á aplicación orzamentaria, "N130.9123.48900 Asignacións a grupos políticos municipais", as seguintes cantidades en concepto de asignación económica á que se refire o art. 41 das Bases de execución do vixente Orzamento en relación co art. 73 da lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, correspondente ao terceiro trimestre do actual exercicio:**

CIF	Asignación fixa	Núm.	Asignación variable	Total
Nome	3º Trimestre	Concelleiros	3º Trimestre	
G32372922	1.350,00	10	13.500,00	14.850,00
Grupo municipal do Partido Popular				
G32420655	1.350,00	8	10.800,00	12.150,00
Grupo municipal Democracia Ourensana				
G32372310	1.350,00	6	8.100,00	9.450,00
Grupo municipal Socialista do Concello de Ourense				
V32463341	1.350,00	3	4.050,00	5.400,00
Grupo municipal Ourense en Común				
Total asignacións				41.850,00

- 2. Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos.**

O manda e asina a Sra. Concelleira de Facenda do que eu, Oficial Maior Accidental, dou fe.

